
Proxecto FUNDUSNET: Validación do telediagnóstico na retinopatía diabética

- Actualizado ()

A diabete é a primeira causa de cegueira por baixo dos 65 anos nos países desenvolvidos, a pesar de que un diagnóstico precoz e a eficacia terapéutica actual pode reducir claramente o risco de perda visual severa. O exame regular do fondo de ollo nos pacientes diabéticos é básico para o control da enfermidade. Sen embargo, este exame, que xera un gran número de visitas ó oftalmólogo, é aínda moi baixo, incluso nos países máis industrializados.

A demanda desta poboación supera actualmente a posibilidade de atendela adecuadamente nas unidades especializadas en diabete ocular. A avaliación e manexo da retinopatía diabética é unha aplicación factible da telemedicina, xa que esta baséase en gran medida no diagnóstico por imaxe.

A CICYT contribuíu coa financiación para este proxecto sobre telemedicina dirixido pola Unidade de Retina Médica e Diabete Ocular do CHUS en colaboración co CESGA. Este traballo de investigación, que se vén desenvolvendo desde outubro de 1998, entrou xa na súa recta final, e en poucos meses terémo-los resultados definitivos.

FUNDUSNET ten por obxectivo a validación dun sistema a distancia que permita que un centro de referencia altamente cualificado poida diagnosticar e asesorar nun breve prazo de tempo. Para isto tomanse imaxes dixitais da retina a través de cámaras non midriáticas en unidades periféricas de consulta e envíanse a través da rede o centro de referencia para o seu telediagnóstico. Para coñecer-la fiabilidade e especificidade do método, as diagnoses resultantes da exploración da imaxe dixital son contrastadas coas diagnoses emitidas a través de exame directo do mesmo fondo de ollo e a través das imaxes tomadas en diapositivas.

Unha vez se teña comprobada a validez do método para facer diagnósticos eficaces cun grao de confianza suficiente, o centro de referencia, coordinado por un experto en diabete, e coa axeitada formación en sistemas de análise e tratamento de imaxes, asesorará sobre o diagnóstico e seguimento recomendado de cada paciente en menos de 24 horas (telediagnóstico). Ofrécese tamén a posibilidade de teleconsulta cunha resposta en menos de 2 horas podendo ser nalgúns casos on line. Deste xeito poderemos:

Evita-la progresión da enfermidade ante a espera da súa valoración por un centro cualificado.

Evita-lo desprazamento innecesario de pacientes fóra da súa área sanitaria e incluso do seu centro asistencial.

Diminuí-los custos socioeconómicos ó mellora-lo nivel diagnóstico-terapéutico na loita contra a perda visual (desprazamentos, perda de horas de traballo para acudir a un centro distante do lugar de traballo, baixas, permisos laborais, grande invalidez).

Crear unha prestación sanitaria eficaz, estable e con posibilidades de expansión.